

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 14 DE OUTUBRO DE 2025 POLA QUE SE ANUNCIA A
QUINTA ADXUDICACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS
14-25 PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE INVESTIGACIÓN.**

De conformidade co establecido na base oitava da Resolución reitoral do 15 de xullo de 2025, da Universidade de Vigo, pola que se convoca concurso público de méritos 14/25 para a contratación de persoal de investigación, recibida a proposta de contratación da comisión de valoración con data 3/10/2025 despois de que o IP solicitase un adiamento para proceder á selección das persoas adxudicatarias e transcorrido o prazo para presentar alegacións á concesión provisional publicada mediante R.R. 7/10/2025,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro: Publicar a quinta adxudicación definitiva parcial do concurso público 14-25 coas persoas seleccionadas na oferta 157181, ordenadas por orde de puntuación conforme ao anexo I.

Segundo: Fixar o prazo para a formalización dos contratos en catro días hábiles.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Asinado dixitalmente por María Belén Rubio Armesto



ANEXO I - LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS

REF.	APELIDOS E NOME	ITEM 1	ITEM 2	ITEM 3	ITEM 4	ITEM 5	TOTAL	ESTADO
157181	Conde Morales, David	10	15	20	25	15	85	Seleccionada
157181	Muñoz Blesa, Rebeca	10	0	5	10	10	35	Non seleccionada
157181	Pérez Peña, Adrián Juan	10	10	10	5	0	35	Non seleccionada
157181	Davila Prado, Jessica	5	10	0	0	0	15	Non seleccionada
157181	Domínguez Álvarez, Ramón	5	0	0	0	0	5	Non seleccionada

Código seguro de Verificación : GEN-21ea-7355-359b-79db-c12b-ced2-b3af-d09f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

